

# BOLETÍN EPIDEMIOLÓGICO SEMANTAL DE GALICIA

VOLUME III / NÚM. 13  
SEMANTAS 19-20-21/1988  
(8 ó 28 de maio)

  
CONSELLERÍA DE SANIDADE  
Dirección Xeral de Saúde Pública

25 DE XULLO DE 1988

## VACINAS SISTEMÁTICAS

Neste capítulo expóñense tamén aquelas vacinas que aínda que non son sistemáticas son compoñentes doutras que si o son.

### 1. Difteria-Tétano-Tose ferina (DTP)

Esta vacina está indicada en nenos conforme ás datas previstas no calendario vacinal.

**a. Composición.** Por dose de 0,5 ml.: suspensión con toxoide diftérico (25 Lf), toxoide tetánico (10 Lf) e bordetella pertussis inactivada (4 UI), absorbida sobre hidróxido de aluminio.

Estanse avaliando vacinas acelulares antipertussis con boa capacidade antixénica e poucas reaccións adversas.

**b. Efectos secundarios.** O toxoide diftérico e o tetánico asócianse con moi poucos efectos secundarios na idade pediátrica (limitados usualmente a reaccións locais). Polo contrario, o compoñente pertussis da vacina pode ser responsable de complicacións severas.

Poden ocorrer:

- 1) Dentro das 48 horas trala vacinación:
  - Reaccións inflamatorias locais (40-70%)
  - Febre: temperatura igual ou superior a 38°C (47%), ou a 40,5°C (0,3%)
  - Somnolencia (32%)
  - Anorexia (21%)
  - Vómitos (6%)
  - Choro persistente: 3-21 horas de evolución (1%)

- Episodios de berros agudos (0,1%)
- Convulsións (0,06%)
- Colapso-shock (0,06%)
- Reaccións alérxicas sistémicas (anafilaxia)

2) Dentro dos 7 días trala vacinación:

- Encefalopatía (1:110.000). Poden quedar secuelas neurolóxicas permanentes nun tercio dos casos (1:310.000)

É importante ter en conta que os efectos neurolóxicos secundarios ó compoñente pertussis da vacina aumentan coa idade, especialmente a partir dos 5 anos.

Non obstante, as complicacións desta vacina son moi inferiores ás derivadas de padece-la tose ferina (lesión cerebral permanente: 0,6-2%; encefalopatía/encefalite: 0,09-4%; convulsións: 0,6-8%; exitus: 0,1-4%).

### c. Contraindicacións

- 1) As xerais das vacinas.
- 2) Reaccións severas a doses previas da vacina dentro dos seguintes periodos.

● Na marxe das 48 horas seguintes á vacinación:

- Temperatura igual ou superior a 40,5°C, inexplicada por outra causa.
- Colapso ou shock.
- Episodios persistentes de berros agudos ou choro incontrolable.

● Convulsión con ou sen febre dentro dos 3 días posteriores á inmunización.

● Encefalopatía nos 7 días seguintes.

● Reacción alérxica sistémica.

3) Enfermidade neurolóxica progresiva (encefalopatía progresiva, convulsións incontroladas, etc.). Non son unha contraindicación as enfermidades non evolutivas (parálise cerebral, etc.) nin unha historia familiar de convulsións ou enfermidade neurolóxica.

Posto que os nenos con historia persoal de convulsións teñen un risco maior de repetilas trala vacinación, esta debería ser diferida ata exluir unha enfermidade neurolóxica progresiva. En calquera caso, a decisión debe ser reavaliada en cada visita médica.

Os nenos con convulsións ben controladas ou nos que un novo episodio é improbable, poden ser vacinados (CID-AAP).

As circunstancias citadas nos puntos 2 e 3 son contraindicacións do compoñente pertussis da vacina. Nestes nenos pódese administra-la DT.

**d. Administración.** Vía intramuscular.

**e. Conservación.** Entre 2 e 8°C cunha validez de 18 meses. O transporte efectuarase a temperaturas non superiores ós 22°C.

## 2. Difteria-Tétano (DT)

É unha vacina indicada na profilaxia activa contra a difteria e o tétano, cando está contraindicada a DTP, ou en nenos de 18 meses a 6 anos inadecuadamente inmunizados.

**a. Composición.** Por dose de 0,5 ml.: suspensión de toxoide diftérico (25 Lf) e toxoide tetánico (10 Lf) absorbidos en hidróxido de aluminio.

**b. Efectos secundarios.** Pódese observar unha lixeira reacción local, que en ocasións leva á formación dun pequeno nódulo.

**c. Contraindicacións.** As xerais das vacinas.

**d. Administración.** Preferible intramuscular.

**e. Conservación.** Entre 2 e 8°C, cunha validez de 2 anos. Pódese transportar a temperaturas non superiores ós 22°C.

## 3. Tétano-Difteria tipo adulto (Td)

Actualmente non comercializada en España. Estaría indicada na profilaxia activa da difteria e tétano en maiores de 6 anos: ós 14 anos con doses de recordo cada 10 anos.

**a. Composición.** Por dose de 0,5 ml.: suspensión de toxoide tetánico (10 Lf) e diftérico (5 Lf), absorbida sobre hidróxido de aluminio.

**b. Efectos secundarios.** Trastornos inflamatorios locais e en menor medida reaccións febrís.

**c. Contraindicacións.** As xerais das vacinas.

**d. Administración.** Vía intramuscular.

**e. Conservación.** Entre 2 e 8°C, cunha validez de 2 anos. O transporte débese efectuar con temperaturas non superiores ós 22°C.

## 4. Tétano (T)

Tras completa-lo calendario vacinal sistemático ós 14 anos, administrarase cada 10 anos unha dose de recordo.

Para as primovacacións en adultos daranse 2 doses de vacina con 2 de meses de intervalo, e unha terceira 6-12 meses despois.

Posto que o tétano non produce inmunidade, os pacientes que sobrevivan a esta enfermidade deberán ser correctamente vacinados.

En caso de feridas, os criterios que rexen a profilaxia antitetánica son:

É un proceder erróneo e contraproducente a administración inustificada do toxoide sen ter en conta o estado vacinal previo, xa que o risco de efectos secundarios incrementase despois de reforzos excesivamente frecuentes.

**a. Composición.** Por dose de 0,5 ml.: toxoide tetánico absorbido en hidróxido de aluminio (10 Lf).

H. <sup>a</sup> de vacinación antitetánica	Feridas limpas leves		Outras feridas (1)	
	Toxoide tetánico	IGT	Toxoide tetánico	IGT
Descoñecida ou menos de 3 doses	SI	NON	SI	SI (2)
3 ou máis doses	NON (3)	NON	NON (4)	NON

IGT: Inmunoglobulina antitetánica

(1) Feridas anfractuosas, punzantes e/ou contaminadas con po, feces, terra, etc.

(2) IGT de 250 a 500 UI, por vía intramuscular, en lugar e con agulla diferente á da vacina.

(3) Darase outra dose vacinal se pasaron máis de 10 anos dende a última.

(4) Darase outra dose vacinal se pasaron máis de 5 anos dende a última.

**b. Efectos secundarios.** Ás veces obsérvase unha lixeira reacción inflamatoria local, seguida dunha induración que desaparece espontaneamente.

**c. Contraindicacións.** As xerais das vacinas.

**d. Administración.** Vía intramuscular.

**e. Conservación.** Entre 2 e 8°C, cunha validez de 2 anos. Pódese transportar a temperaturas non superiores ós 22°C.

### 5. Antipoliomielítica oral trivalente (Sabin)

Simula a infección natural producindo inmunidade sistémica e local intestinal que impide a reinfección simultánea polo virus salvaxe. Secundariamente, a eliminación do virus por vía intestinal pode infectar ós contactos e incrementa-la cobertura vacinal. É a vacina de elección na inmunización contra a poliomielite en nenos. Os maiores de 18 anos iniciarán a primovacinação coa vacina inactivada xa que o risco de parálise vacinal é maior no adulto, para despois continuar coa forma atenuada.

**a. Composición.** Por dose: suspensión de Poliovirus vivos atenuados tipo I (500.000 DICT 50), II (100.000 DICT 50) e III (300.000 DICT 50), e antibióticos (composición variable).

**b. Efectos secundarios.** Enfermidade paralítica (1:3.200.000) en vacinados ou nos seus contactos. Afecta en maior medida a inmunodeficientes.

**c. Contraindicacións.**

1) As xerais das vacinas.

2) Inmunodeficiencias conxénitas e adquiridas.

Contactos domésticos de pacientes inmunodeficientes. No caso de vacinarse inadvertidamente prohibirase o contacto co enfermo durante 2 meses trala vacinación (o virus persiste nas feces durante varias semanas, rara vez máis de 2 meses).

Nestes casos está indicada a vacina de virus inactivados (Salk).

3) Hipersensibilidade ós antibióticos que contén.

4) No caso de diarrea existen dúas posibilidades de actuación:

a) retrasa-la administración da vacina ata que as deposicións se normalicen.

b) no Programa Ampliado de Inmunizacións da OMS non se considera a diarrea como unha contraindicación absoluta á vacinación antipoliomielítica oral, pero co fin de garantir unha protección total, recomenda que a dose administrada non se considere como unha parte da serie e se dea outra á menor oportunidade posible.

**d. Administración.** Vía oral.

**e. Conservación e transporte.** Entre 2 e 8°C, cunha validez de 6 meses.

### 6. Triple vírica (parotidite, rubeola, xarampón)

Indícase na profilaxia activa destas enfermidades ós 15 meses.

**a. Composición.** Por dose: suspensión liofilizada, obtida a partir de cultivos en células embrionarias, con virus atenuados de xarampón (cepa Enders hiperatenuada: 1.000 DICT 50 mínimo), rubeola (cepa Wistar RA 27/3: 1.000 DICT 50 mínimo) e parotidite (cepa Jeryl Lynn: 5.000 DICT 50 mínimo). Neomicina.

**b. Efectos secundarios.** Poder producir:

—Eritema e induración no lugar da inxección.

—Febre entre o 5.<sup>o</sup> e 14.<sup>o</sup> día da inxección.

—Exantema.

—Artralxias transitorias.

—Moi excepcionalmente encefalite e panencefalite esclerosante subaguda.

—Sen embargo, padecer estas enfermidades supón un risco considerablemente superior que o derivado da inmunización.

**c. Contraindicacións.**

1) As xerais das vacinas.

2) Hipersensibilidade demostrada á neomicina e ó ovo.

**d. Administración.** Trala reconstitución co disolvente administrarase inmediatamente e por vía subcutánea.

**e. Conservación e transporte.** Entre 2 e 8°C, cunha validez de 1 ano. Con estabilizadores mantense 2 anos. Debe protexerse da luz.

### 7. Xarampón

Aconséllase a súa administración en forma de vacina triple vírica ós 15 meses.

Só por razóns epidemiolóxicas se xustifica a utilización da vacina antixaramponosa anticipadamente. Cando se administra antes dos 12 meses impónse unha revacunación ós 15, xa que a súa eficacia diminúe significativamente por debaixo dos 12 meses.

A exposición ó xarampón non é unha contraindicación para a vacinación. Os últimos datos disponibles indican que a vacina pode conferir protección contra o xarampón cando é administrada dentro das 72 horas trala exposición á enfermidade.

**a. Composición.** Por dose: suspensión liofilizada, obtida a partir de cultivos en células embrionarias de polo, de virus atenuados de xarampón

ESTADO DAS ENFERMIDADES DE DECLARA

SEMANAS 19-20-21/1988

COMARCAS	BRUCELOSE (023)		DISENTERIA BAC.(SHIXELOSE) (004)		ESCARLATINA (034)		FEBRE TIFOIDEA EPARATIFOIDEA (002.2)		GONOCOCIA (URETRITE GONOCOCICA) (098.0)		GRIPE (487)		HEPATITE VIRICA (070)		INFECCIÓN MENINGOCOCICA (036)		NEUMONIAS (480-486)		
	1988		1988		1988		1988		1988		1988		1988		1988		1988		
	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	
1 CEDEIRA									9	14	103						2	15	
2 ORTIGUEIRA									2	19	334		8					8	
3 NARÓN								1	1	25	563		11					25	
4 AS PONTES									2	4	1.431	2	13				1	3	
5 FERROL						3			1	22	113	3.599	1	20					
6 FENE										3	46	499	1	3			2	11	
7 PONTEDEUME						1			1	7	44	1.043		9			1	28	
8 CEE									6	8	229	2.495	2	2	1	1	15	94	
9 VIMIANZO										2	10	134		5		1		1	
10 PONTECESO		1								7	39	3.004					1	47	
11 CARBALLO						3				18	53	1.323		1		2		21	
12 ARTEIXO									1	7				3					
13 A CORUÑA				2		14			4	13	195	6.429	2	55	1	6	1	43	
14 CULLEREDO-O BURGO								3	3	19	21	626	1	10			8	71	
15 OLEIROS					4	15				2	48	601		2		1	2	10	
16 BETANZOS						1			2	29	82	2.504				2	1	36	
17 SANTA COMBA									4	16	3	422					2	44	
18 NEGREIRA										2	3	698						104	
19 ORDES						1			7	57	155	2.797		1			10	105	
20 CURTIS-TEIXEIRO											10	414						12	
21 SANTIAGO		2			1	5	1	1	9	30	151	4.428	7	32			18	192	
22 MELIDE									1	2	1	85					1	6	
23 MUROS									1	1		789		2				6	
24 NOIA					6	41		2	2	5	83	1.202	4	6		1	1	50	
25 PADRON							1	2	1	15	43	1.251		11			11	60	
26 BOIRO								1			33	718		1			6	44	
27 RIBEIRA									2	2	111	592		2			10	10	
28 A ESTRADA									1	4	78	1.102	1	11		1	5	12	
29 LALIN						2			3	21	204	3.434		5			8	133	
30 VILAGARCIA DE AROUSA				6					2	35	53	1.809	5	22				13	
31 CALDAS DE REIS										5	31	356		1			1	29	
32 VILANOVA DE AROUSA										1	35	949		4			1	6	
33 CAMBADOS									1	164	1.473	3	8				7	29	
34 O GROVE							1	3		2	20	392				1	1	4	13
35 SANXENXO					2	3	1	5	5	9	43	535		5	1	5	1	14	
36 PONTEVEDRA								3	1	23	324	6.435	1	27		7	1	68	
37 FORCAREI											27	275						16	
38 MARIN					1	7			2	2	57	993	3	17			1	9	
39 CANGAS									1	1	81	1.047		1			2	28	
40 REDONDELA						1		7		1	46	1.053	4	72		1		5	
41 VIGO				53		41		8	4	69	256	21.649	6	268				24	
42 VAL MIÑOR-PANXON								1	1	3	12	881		5			4	27	
43 PORRIÑO								1		4	21	886		7				13	
44 PONTEAREAS									1	11	70	1.028		8		1	1	5	
45 A CAÑIZA										3	19	919	1	1		1	2	6	
46 A GUARDA									3	13	21	540		6				11	
47 TUI							1	2		5	112	1.731		3		1	1	19	
48 SALVATERRA DE MIÑO						1					25	408	3	9					
49 VIVEIRO									2	8	35	839		5					
50 CERVO-BURELA					2	5				8	41	782		3				9	
51 MONDOÑEDO		2										837					28	37	
52 RIBADEO						2			1	4	61	677					2	30	
53 VILALBA		2				1				7	39	268					16	72	
54 MEIRA		1				2				13	81	981	1	3			5	55	
55 FONSAGRADA										3	47	372		1			6	53	
56 GUITIRIZ										3	36	334					2	3	
57 RABADE		1								3	38	686					1	18	
58 LUGO		6			2	7		1	2	23	65	1.212	2	10		4		32	
59 CASTROVERDE										6	17	320	1	2			4	15	
60 PALAS DE REI										7		30						10	
61 MONTERROSO											5	153					5	51	
62 SARRIA		3							2	9	58	1.192					9	50	
63 BECERREÁ										14	152	1.775		1		1	3	30	
64 CHANTADA									2	9	78	1.908	1	12			10	184	
65 MONFORTE DE LEMOS		3							1	4	5	153	1	11				17	
66 QUIROGA										3		192						2	
67 O BARCO		7				1	2	3	7	43	186	2.621	1	9			6	22	
68 O CARBALLIÑO		2				1			2	13	242	2.395	2	19			5	41	
69 RIBADAVIA										4	19	155	1.810	3	13			21	73
70 OURENSE						4	1	5	1	17	118	1.418		10		7	37	223	
71 MACEDA										5	10	38	693	1	3		3	53	
72 CASTRO-CALDELAS		1							1	10	135	640		1		1	2	11	
73 A POBRA DE TRIVES		5	18						2	8	44	455		4			3	26	
74 VIANA DO BOLO		1	4						1	7	56	570		7			18	79	
75 CELANOVA										1	14	85	960		1		4	29	
76 ALLARIZ									2	23	23	392	1	2			1	7	
77 BANDE							1	2	2	24	21	708						4	
78 XINZO DE LIMIA		1				1			1	6	58	37	1.235		6		1	22	
79 VERÍN		5	7						3	3	39	38	544	1	6		2	32	
80 A GUDIÑA			5						1	2	2	298						1	

# LARACIÓN OBRIGATORIA

## CIÓN OBRIGATORIA. SITUACIÓN COMARCAL

88 DO 8 Ó 28 DE MAIO

PAROTIDITE (072)	PROCESOS DIARREICOS OUTROS (006-009)		RUBEOLA (056)		REUMATISMO CARDIO-VASCULAR (290-392)		XARAMPÓN (055)		SIFILE PRIMARIA- SECUNDARIA (091-092)		TOS FERINA (033)		TUBERCULOSE RESPIRATORIA (010-012)		VARICELA (052)		PROCESOS RESPIRATORIOS (I.R.A.) (460-466)		INTOXICACIONES ALIMENTARIAS (003 e 005)		OUTRAS E. D. O.		
	1988 Casos	1988 Acumul.	1988 Casos	1988 Acumul.	1988 Casos	1988 Acumul.	1988 Casos	1988 Acumul.	1988 Casos	1988 Acumul.	1988 Casos	1988 Acumul.	1988 Casos	1988 Acumul.	1988 Casos	1988 Acumul.	1988 Casos	1988 Acumul.	1988 Casos	1988 Acumul.		1988	
			6	45				1	1					2	1	2	65	525			1		
		1	33	108				1	4					1	1	30	41	751		1	2		
		1	15	80										1	9	16	77	568			3		
		2	26	382					2			1			3	229	2.610				4		
		31	68	696					3				2	3	1	22	355	5.587			5		
		1	15	83		1	2		4				1		8	59	70	609			6		
		7	17	168		2	7		4		1			3	4	100	137	1.736		1	7		
		4	66	378		2	5		3	3			2		40	270	269	2.398			8		
		1	1	26			1			1			2	13	1	13	6	53			9		
			24	147					1	2				4	11	30	163	3.016			10		
			39	125										10	23	213	209	1.969			11		
			55	305					1			3	1	3	5	12	273	1.873			12		
5	20	90	1.166		3	25			4		8	2	5	5	35	27	227	567	12.007		4		
1	7	36	139						2					1	11	141	240	2.100		1	14		
			9	83			4		1	2	2		1	5	7	33	94	1.045			15		
1	2	85	567			5		1	4		1		2	5	5	17	331	4.336			16		
		1	48	193											23	45	98	1.075			17		
			13	40											24	115	43	673		4	4	18	
1	14	28	185			5		1	14		2	7	10	10	9	71	320	2.930			19		
	3	6	38												1	8	25	356			20		
5	16	98	722		1	4		2	6	2		2		1	28	284	625	6.944			21		
			1												2	50	1.015				22		
		2	16	159		2			1					2	7	16	108	1.207			23		
		1	69	220		1	1						2	2	8	71	249	2.262			24		
1	12	40	235			3		1	16				2	36	125	143	855				25		
			19	221					4				1	13	18	41	643			20	26		
1	2	26	44			1		2	2				4	48	62	83	100				27		
			38	383									1	36	475	190	1.966				28		
1	10	81	323			13				2			13	15	305	578	6.755		1	1	29		
1	18	53	651			9		3		1	3		11	8	86	692	7.984				30		
			17	84				5						41	107	28	396			2	31		
			52	551										8	97	103	1.604				32		
1	3	22	175		1	8			1			2		4	9	82	145	1.407			33		
		3	50	213										1	1	90	1.053				34		
1	17	10	51						1				1	2	1	61	35	333			35		
12	60	380	2.117		1	9		8	4		3		9	31	43	451	1.633	15.216		2	36		
		1	25										2	3		1	27	269			37		
2	4	44	121			1		1	1				3	7	14	64	99	783		6	38		
		8	21	108										2		9	180	1.635			39		
		2	36	170		1		1	2				1		27	66	156	1.419			40		
18	147	81	3.484		1	26		1	26	2	14		4	4	49	18	375	762	29.460		41		
1	2	19	318			3							22	3	6	34	90	355	2.578		42		
		113	42	194									1	3		21	113	1.101			43		
		12	43	339		2	14		20		1				1	11	134	1.887		10	44		
6	14	17	104										1	3	10	41	63	1.248		1	45		
		11	25	208		3									14	40	75	867			46		
5	14	69	390						14				1	3	2	15	252	2.189			47		
8	336	23	215						1				2	2		15	98	921			48		
		2	42	293		2								2	2	12	206	1.576			49		
		9	16	97					1					2	3	102	226	2.854			50		
				33					1					2		2	62	1.046			51		
		2	14	116		1									39	63	114	1.442			52		
		1	7	78		2			1		1		46	4	10	33	125	914			53		
			23	171				1	1		2			4	2	29	265	2.101			54		
		1	9	84				1	1				1	2		4	101	839			55		
		1	4	34										2	1	4	48	212		1	1	56	
		1	9	55		1		2		1	1			2	30	109	756				57		
		3	59	209		7		1		3	3	21		6	51	295	366	3.179		9	17	58	
		2	7	28							5					1	42	151				59	
			8						2								841					60	
		5	29			1				1	1			4	2	66	72	815				61	
		3	33	165		3			1		2			3	3	22	250	3.008		16		62	
1	5	33	232		2				1					1	4	108	250	2.735		1		63	
			48	335											10	13	260	2.885				64	
		5	8	49		1								4		7	69	1.597				65	
		1		10		1							2		3	10	186					66	
		2	33	219							1			3	12	51	589	8.410				67	
		1	160	837					1		1			1	11	17	56	827	6.128		1	1	68
		3	35	168		3	3		7		1		1		10	29	281	2.621				69	
4	17	55	324		2	9		1			5		3	13	8	49	418	5.358				70	
13	18	16	83			7			1		1			4	1	6	105	1.788		1	1	71	
		1	17	54											1	124	893					72	
2	4	1	27								1		1	3	2	5	61	859				73	
			17	54									2	1	28	241	1.900					74	
1	3	29	187					1	3				1	2	1	17	172	1.982				75	
			2	19				1					1	1	1	4	68	682				76	
2	5	17	114						5				1	3	3	33	96	1.028		1	3	77	
1	1	27	150		1	2							3	1	15	76	1.294					78	
		12	30	203							2			8	7	48	103	2.044				79	
			3	15									1	1			35	485				80	

(1.000 DICT 50 mínimo) e antibióticos (composición variable).

**b. Efectos secundarios.**

—Febre (5-15%) entre o 5.<sup>o</sup> e 14.<sup>o</sup> día trala vacinación.

—Exantema (5%).

—Encefalite (1:1.000.000). Coa enfermidade natural duplicase o risco.

—Panencefalite esclerosante subaguda (0,5-1:1.000.000). A enfermidade implica un risco de 5 a 20 veces maior.

**c. Contraindicacións.**

1) As xerais das vacinas.

2) Hipersensibilidade demostrada ó ovo e ós antibióticos que contén.

**d. Administración.** Subcutánea, inmediatamente despois da reconstitución co disolvente.

**e. Conservación e transporte.** Entre 2 e 8°C, cunha validez de 12 meses. Debe protexerse da luz.

## 8. Rubeola

Indicada en ámbolos dous sexos ós 15 meses, en forma de vacina triple vírica, e en tódalas nenas ós 11 anos. Ademais, deberíase administrar a calquera muller seronegativa en idade fértil, fundamentalmente as pertencentes ós grupos de risco (persoal sanitario, mestras, etc.), cerciorándose de que non están embarazadas e retrasando o mesmo nos 3 meses seguintes á vacinación. Deste modo evitámo-la aparición de casos de rubeola conxénita.

**a. Composición.** Por dose: suspensión liofilizada, obtida a partir de cultivos de células diploides humanas, de virus atenuados de rubeola (cepa Wistar RA 27/3: 1.0000 DICT 50 mínimo) e antibióticos (composición variable).

**b. Efectos secundarios.**

—Rash ou linfadenopatías (14%).

—Artralxias ou artrite transitorias, que comenzan entre o 7.<sup>o</sup> e o 21.<sup>o</sup> día trala vacinación (4% en nenos e 20% en adultos).

—Reaccións febris (4%).

—Neurite periférica moi rara vez.

**c. Contraindicacións.**

1) As xerais das vacinas.

2) Hipersensibilidade ós antibióticos da vacina.

**d. Administración.** Subcutánea, inmediatamente despois da reconstitución.

**e. Conservación e transporte.** Entre 2 e 8° C, cunha validez de 1 ano. Protexerase da luz.

## 9. Parotidite

Administrarase ós 15 meses en forma de vacina triple vírica. En forma illada é aconsellable en tódolos adolescentes ou adultos, especialmente va-

róns, que non teñan padecido a enfermidade ou non estean vacinados, para evita-lo risco de complicacións trala parotidite (orquite, infertilidade masculina, embiopatía nos primeiros meses do embarazo).

**a. Composición.** Por dose: suspensión liofilizada, obtida a partir de cultivos en células embrionarias de polo, de virus de parotidite atenuados (cepa Jeryl-Lyne: 5.000 DICT 50 mínimo) e neomicina.

**b. Efectos secundarios.** Ocasionalmente reaccións febris de curta duración. Outras complicacións son extremadamente raras.

**c. Contraindicacións.**

1) As xerais das vacinas.

2) Hipersensibilidade demostrada ó ovo e á neomicina.

**d. Administración.** Subcutánea, inmediatamente trala reconstitución.

**e. Conservación e transporte.** Entre 2 e 8°C, cunha validez de 12 meses. Debe protexerse da luz.

## Bibliografía

1. *Advisory Committee on immunization practices*: Pertussis immunization: faily history of convulsions and use of antipyretics, MMWR, 1987; 36-18: 281-282.
2. *American Academy of Pediatrics*. Report of the Committee on Infectious Diseases, 20 ed. Illinois: A.A.P., 1986.
3. *American Academy of Pediatrics. Committee on infectious diseases*: Personal and family history os seizures and measles immunization, *Pediatrics*, 1987; 80: 741-743.
4. *American Academy of Pediatrics. Committee on infectious diseases*: Family history of convulsions in candidates for immunization with pertussis-containing vaccines (Diphtheria, Tetanus, Pertussis), *Pediatrics*, 1987; 80: 743-745.
5. Aoyama, T.; Hagiwara, S.; Murase, Y.; Kato, T.; IWATA, T.: Adverse reactions and antibody responses to acellular pertussis vaccine, *J. Pediatr.*, 1986; 109: 925-930.
6. Bloch, A.; Orestein, W.; Stetler, H.; Wassilak, S.; Amler, R.; Bart, K.; Kirby, C.; Hinman, A.: Health impact of measles vaccination in the United States, *Pediatrics*, 1987; 79: 524-532.
7. Brunell, P.: Prevention of Pertussis - Are we failing?, *Pediatrics*, 1987; 79: 627-629.
8. *Centers for disease control. Aceip*: Measles prevention, MMWR, 1987; 36: 409-425.
9. Deforest, A.; Long, S.; Lischner, H.; Girone, J.; Clark, J.; Srinivasan, R.; Maguire, T.; Diamond, S.; Schiller, R.; Rothstein, E.; Schlackman, N.; Hipp, T.; Souder, R.; Bernier, H.: Simultaneous administration of measles-mumps-rubella vaccine with booster doses of DTP and poliovirus vaccines, *Pediatrics*, 1988; 81: 237-247.
10. *Departament de Sanitat i Seguretat Social. Generalitat de Catalunya*: Manual de vacunacions, 1.ª edic., Barcelona, Ed. Treballs Gràfics, S.A., 1987.
11. *Departamento de Sanidad y Consumo del Gobierno Vasco*: Manual de vacunaciones infantiles, 1.ª edic., Vitoria: Servicio Central de Publicaciones del Gobierno Vasco, 1987.
12. Fulginiti, V.: *Inmunizaciones en la práctica médica*, México, Ed. El Manual Moderno, 1984.
13. Gaebler, J.; Kleiman, M.; French, M.; Chastain, G.; Barrett, Ch.; Griffin, Ch.: Neurologic complications in oral polio vaccine recipients, *J. Pediatr.*, 1986; 108: 878-881.
14. González, L.; Torre, M.; Sánchez, M.; Ramo, M.: Vacuna de la poliomielitis, *Pediatrka*, 1987; 7: 17-22.
15. Hull, M.; Montes, J.; Hays, P.; Lucero, R.: Risk factors for measles vaccine failure among immunized students, *Pediatrics*, 1987; 76: 518-523.
16. López Rois, F.; Seoane Díaz, B.; Braña Rey, N.; Carballeira Roca, C.; Castro López, P.; Fernández Nogueira, E.; Hervada Vidal, J.; Medina González-Redondo, R.; Otero Raviña, F.; Vázquez Fernández, E.: *Manual de vacunacions*, 1.ª ed., Santiago: Dirección Xeral de Saúde Pública. Consellería de Sanidade, 1988.
17. MacGraw, T.: Reimmunization following early immunization with measles vaccine: A prospective study, *Pediatrics*, 1986, 77: 45-48.
18. Ogra, P.; Faden, H.: Poliovirus vaccines: Live or dead, *J. Pediatr.*, 1986; 1078: 1031-1033.
19. Ramo, M.; Torre, M.; Sánchez, M.; González, L.: Inmunización frente a sarampión, rubeola y parotiditis, *Pediatrka*, 1987; 7: 23-28.
20. Salleras, I.; Sanmarti, L.; Cruz, M.; Vidal, J.; Plaza, J.; Barnadas, M.; Ferrer, S.; Llorens, J.; Gallart, A.; Genesca, J.; Prats, G.; Badal, L.; Alcántara, F.; Alcaide, J.; Cubells; Pumarola, T., et al.: Vacunaciones; Tema monográfico, *Jano*, 1987; 33: 29-97.
21. Stetler, H.; Orenstein, W.; Bernier, R.: Impact of revaccinating children who initially received measles vaccine before 10 months of age, *Pediatrics*, 1986; 77: 471-476.
22. Torre Espi, M.; González, L.: Vacunación DTP, *Pediatrka*, 1987; 7: 29-39.
23. *World Health Organization*: Basic Vaccinology. A new WMO programme, *Wkly. Epidem. Rec.*, 1988; 63: 129-136.
24. *World Health Organization*: Measles, *Wkly. Epidem. Rec.*, 1986; 44: 342-343.
25. *World Health Organization*: Expanded programme on immunization. Measles vaccine efficacy, *Wkly. Epidem. Rec.*, 1986; 46: 356-357.
26. *World Health Organization*: Expanded programme on immunization. Teatanus control, *Wkly. Epidem. Rec.* 1987; 50: 380-383.
27. *World Health Organization*: Expanded programme on immunization. Pertussis incidence and immunization coverage, *Wkly. Epidem. Rec.*, 1987; 62: 149-151.

## ABSTRACTA PRÁCTICA MÉDICA

En datas vindeiras a Dirección Xeral de Saúde Pública da Consellería de Sanidade vai poñer a disposición dos sanitarios galegos o servizo bibliográfico «Abstracta Práctica Médica», que forma parte dun sistema integral de documentación científica para o médico distribuído simultaneamente na gran maioría dos países do mundo.

Mensualmente recibiranse os envíos de «Abstracta» nos Centros de Saúde, bibliotecas de hospitais e Servizos dos mesmos, co obxecto de que poida ser utilizada polo maior número posible de sanitarios. Non obstante, dispónse dun cupo limitado de subscricións persoais para que aqueles profesionais especialmente motivados, sen acceso ós Centros de Saúde e residentes en Galicia, poidan recibila «Abstracta» no seu domicilio. Para isto débese remiti-lo boletín adxunto a:

CONSELLERÍA DE SANIDADE  
DIRECCIÓN XERAL DE SAÚDE PÚBLICA  
SERVICIO DE BIBLIOTECA  
SAN CAETANO, Bloque 2-2.º  
SANTIAGO DE COMPOSTELA

### BOLETÍN DE SUSCRIPCIÓN GRATUÍTA ABSTRACTA PRÁCTICA MÉDICA

Nome e apelidos:.....

Enderezo:..... Telf.: .....

Concello:..... C.P.:..... Provincia:.....

Profesión:..... Especialidade.....

Situación laboral: Parado.....

Activo.....

Centro de traballo:.....

**Subscrición e envío gratuito. Solicitudes:** Dirección Xeral de Saúde Pública. Consellería de Sanidade.  
San Caetano, Bloque 2-2.º. 15704 - SANTIAGO DE COMPOSTELA. A CORUÑA.



CONSELLERÍA DE SANIDADE  
Dirección Xeral de Saúde Pública